



APERTURA DO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO CURSO 2021-2022

No **dog de 22 de decembro**, foi publicada a **orde de 18 de decembro** sobre o **“...procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes...”**. Lembramos as seguintes **instrucións para as familias** dende o equipo directivo

- PARA AQUELES/AS QUE PASAN DO CENTRO DE PRIMARIA AO INSTITUTO AO QUE ESTÁ ADSCRITO O SEU COLEXIO : (De non facelo quedan a expensas das prazas sobrantes ao final do proceso nos centros do concello)

- O prazo de entrega de solicitudes **para reservar praza (ED550A)** será do **11 de xaneiro (luns) ao 8 de febreiro (luns)** - ámbolos dous incluídos.
 - As familias poderán cumprimentar as **solicitudes de reserva** de xeito manual (como en cursos anteriores) ou a través da aplicación no menú:

Solicitudes – Reserva – Crear
 - **IMPORTANTE:** Esta solicitude deberase presentar **no centro educativo de orixe** ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, incluída a **SEDE ELECTRÓNICA**, para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital, e sendo esta a canle preferible de presentación.
- **A presentación en forma e prazo da instancia xa garante a praza do/a alumno/a para o vindeiro curso 2021-2022 no centro adscrito SEMPRE QUE O NÚMERO DAS PRAZAS OFERTADAS SEXA IGUAL OU MENOR AO NÚMERO DE SOLICITUDES.**
- De non haber prazas abondo **todo o alumnado** deberá pasar ao proceso de admisión alegando circunstancia baremables. O **28 de febreiro** comunicárase tanto no centro de orixe como no de adscrición a lista de afectados.



- **PARA AQUELES/AS QUE NON OBTIVERON PRAZA NESA PRIMEIRA VOLTA OU NON PARTICIPARON:** (Deberán solicitar praza onde as houber...)

- O prazo de entrega de instancias **para solicitar praza (ED550B)** será do **1 de marzo (luns) ao 20 de marzo (sábado)**.
 - As familias poderán cumprimentar as **solicitudes de praza** de xeito manual (como en cursos anteriores) ou a través da aplicación no menú:

Solicitudes – Admisión – Crear

- **IMPORTANTE:** Esta solicitude deberase **presentar no centro educativo ao que se opta en primeiro lugar** ou en **SEDE ELECTRÓNICA**, para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital.
- Presentación da **documentación acreditativa dos criterios de baremo: 10 días hábiles** contados a partir dos **2 días** seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.
- Publicación das **listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: antes do 25 de abril**. Se se ten ou non praza pódese consultar a través do código que dá a aplicación ou nas listaxes expostas nos corredores do centro.
- Publicación de **listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: antes do 15 de maio**.

NORMAS COVID DE ACCESO AO CENTRO ESCOLAR: - Farase petición de cita previa no teléfono: **881880858** - Na medida do posible acudirá unha única persoa para realizar a xestión en horario **NON** coincidente con desprazamentos do alumnado polos corredores (recreos 10:10 a 10:30 e 12:10 a 12:30).- Deberase acudir con máscara ("mascarilla") e manter a distancia de seguridade con outras persoas que se atopen no recinto de dous metros mínimo, sempre que sexa posible. Para calquera consulta, prégase utilizar o teléfono ou o correo electrónico: ies.neira.vilas@edu.xunta.gal